


 Seix Barral

Ignacio Martínez de Pisón
Castillos de fuego



PRESENTACIÓN

Ignacio Martínez de Pisón

conversará co xornalista

Premio Nacional
de Literatura 2021

Xesús Fraga

e con **Javier Pintor**

Martes, 7 de marzo
19:30 h

FUNDACIÓN  LUIS SEOANE



Somos o que LEAMOS

Encontros coa literatura contemporánea
COORDINADO POR JAVIER PINTOR

Entrada libre

PRESENTACIÓN

Martes 7 de marzo, 19:30 h
Fundación Luis Seoane

Ignacio Martínez de Pisón naceu en Zaragoza en 1960 e reside en Barcelona desde 1982. É autor de máis de quince libros, entre os que destacan as novelas *La ternura del dragón* (1984), *Carreteras secundarias* (1996), *El tiempo de las mujeres* (2003), *Dientes de leche* (Seix Barral, 2008), galardonada co Premio San Clemente e o Premio Giuseppe Acerbi, *El día de mañana* (Seix Barral, 2011), polo que recibiu o Premio de la Crítica, o Premio Ciutat de Barcelona e o Premio de las Letras Aragonesas, *La buena reputación* (Seix Barral, 2014), Premio Nacional de Narrativa e Premio Cálamo ao Libro del Año, *Derecho natural* (Seix Barral, 2017), *Fin de temporada* (Seix Barral, 2020) e *Castillos de fuego* (Seix Barral, 2023). Tamén publicou os ensaios *Enterrar a los muertos* (Seix Barral, 2005), que obtivo os premios Rodolfo Walsh e Dulce Chacón, e *Filek. El estafador que engañó a Franco* (Seix Barral, 2018), e o libro de relatos *Aeropuerto de Funchal* (Seix Barral, 2009).

Castillos de fuego (Seix Barral, 2023)

Madrid, 1939-1945. Moitos loitan por saír adiante nunha cidade marcada pola fame, a penuria e o estraperlo. Como Eloy, un mozo tolleito que trata de salvar da pena de morte ao seu irmán encarcerado; Alicia, traballadora nun cine que perde o seu emprego por seguir o seu corazón; Basilio, profesor de universidade que afronta un proceso de depuración; o falanxista Matías, que trafica con obxectos requisados, ou Valentín, capaz de cualquier vileza con tal de purgar a súa anterior militancia. Costureiras, estudantes, policía: vidas de persoas comúns en tempos extraordinarios.

Castillos de fuego é unha novela que encerra máis verdade que moitos libros de historia e que transmite o pulso dun tempo no que o medo case arrasa coa esperanza que, de maneira natural, vai abríndose camiño entre a devastación. Unha época de reconstrución na que a guerra rematou só para algúns pero na que ninguén está a salvo.